



Asociación Galega de
Custodia do Territorio



Xornada sobre Custodia do Territorio e conservación de Espazos Naturais protexidos

A Custodia do Territorio é un conxunto de estratexias e instrumentos que pretenden implicar ós propietarios e usuarios do territorio na conservación e o bo uso dos valores e os recursos naturais, culturais e paisaxísticos. Para conseguilo, promove acordos e mecanismos de colaboración continua entre propietarios, entidades de custodia e outros axentes públicos e privados.

A Custodia do Territorio está a mostrarse como unha excelente ferramenta para a conservación dos valores naturais en Espazos Naturais Protexidos, así como da biodiversidade que se sitúa fora destes espazos. As entidades de custodia, ó nacer da propia sociedade civil dun modo organizado, teñen a capacidade de aplicar as medidas de xestión e conservación dun modo participado coa sociedade, en especial cos propietarios e usuarios de terreos de alto valor natural.

En España e, máis concretamente en Galicia, temos diversos exemplos que mostran as vantaxes que estes acordos de custodia poden repercutir sobre a xestión dos espazos custodiados, así como da maior coñecemento e disfrute destas zonas por parte da poboación local.

Nesta xornada pretendemos achegar a custodia do territorio ós técnicos, funcionarios e políticos das administracións públicas como ferramenta para establecer medidas de conservación e xestión dos Espazos Naturais Protexidos.

A xornada consistirá en presentacións breves de 30 minutos e un debate final de 30 minutos.

DATA E HORARIO

Martes, 27 de novembro do 2018, de 10:30 a 14:00 horas. Pregharse chegar con 15 minutos de antelación.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Casa das Insuas, Rábade (Lugo).

DIRIXIDO A

Técnicos, funcionarios e políticos de administracións públicas, universidades e grupos de investigación e entidades de custodia do territorio.

RELATORIOS

- **“Traballos realizados no Acordo de Custodia do Territorio entre a AGCT e a Deputación de Lugo para a xestión das Insuas do Miño e Ollos de Begonte”**

D. Martiño Cabana Otero. Biólogo e técnico da Asociación Galega de Custodia do Territorio.

- **“A custodia do territorio como ferramenta para a conservación da biodiversidade da comarca das Mariñas coruñesas”**

D. Fernando Bandín Monteiro. Membro do Padroado da Fundación Fragas do Mandeo.

- **“A participación social na RB de Alto Bernesga e posta en marcha do proxecto Custointegra”**

Da. Beni Rodríguez. Xerente da RB de Alto Bernesga.

- **“A Custodia do Territorio para a conservación dos humidais da Limia”**

Dr. Serafín González Prieto. Investigador e presidente da Sociedade Galega de Historia Natural.

- **“A Custodia do Territorio na montaña lucense”**

D. Óscar Rivas López. Técnico da Asociación Galega de Custodia do Territorio.